



PREMIOS FIN DE GRAO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar en público un programa de ao menos 3 obras de diferentes estilos e de ao menos 30 minutos de duración. Valorarase a interpretación de memoria.

2. Valorarase o nivel de dificultade asi como o interese artístico das obras do programa presentado.

Deberase interpretar un repertorio estilisticamente variado e de dificultade acorde co nivel requirido para optar ao premio en cuestión.

3. Valorarase o dominio técnico e musical das obras a interpretar.

- Amosar un grao de asimilación dos conceptos técnicos específicos de cada especialidade.
- Interpretar os textos musicais presentados cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos , asi como con rigorosidade ante as indicacións dos aspectos referidos ao tempo e agónica das obras.
- Mostrar na interpretación do repertorio o necesario coñecemento da partitura xeral, é dicir, tanto da parte propia como do resto de partes que intervenen no discurso musical.
- Coñecer e aplicar á interpretación as características estilísticas do repertorio programado.

4. Nas obras que requiran de acompañamento, valorarase o dominio dos aspectos propios da concertación: axuste, empaste, afinación, xestos da interpretación camerística, respecto aos planos sonoros.

*(os candidatos deberanse facer cargo de traer os músicos acompañantes que poidan necesitar)

5. Valoraranse aspectos propios da posta en escena: actitude cara ao público e tribunal, dominio do escenario.

6. Demostrar capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.

Criteria valorativos aprobados pola CCP do 21 de maio de 2013.